



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G007/000021

CERTIFICACIÓN

MARÍA DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 06 de novembro do 2025 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

«6º.- Subvención municipal para a actividade anual das ANPAs para o ano 2025 (LS 5.3 PES 2024-2026) Concellería de Deporte, Educación e Xuventude.

O presidente xustifica a urxencia de incluír este punto na orde do día pola finalidade de poder resolver antes final de ano porque van cos prazos bastante apertados.

Seguidamente vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobada a urxencia por unanimidade.

Dáse conta pola presidencia da proposta da Alcaldía do 2025-11-05 que figura no expediente e que se reproduce a continuación literalmente:

«PROPOSTA DE ACORDO: Convocatoria e bases reguladoras da subvención municipal de axudas para a actividade anual das ANPAs para o ano 2025.

A Concellería de Educación presentou a proposta de bases para regular especificamente a convocatoria das axudas para a actividade anual das ANPAs para o ano 2025.

O Pleno na sesión do 27.06.2024 aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións municipais, para o período 2024-2025, no cal ven recollida unha liña de subvencións 4.2 denominada Subvencións dirixidas ás entidades deportivas do Concello de Sada, cun orzamento máximo modificado por acordo do Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 19.08.2025.

Vistos os informes xurídicos, de data 12.06.2025 e 13.10.2025, recollendo unha serie de correccións a realizar.

Vistas as correccións na proposta de bases reguladoras.

Visto o informe de fiscalización previa, de data 05.11.2025, no que se recolle a competencia da Xunta de Goberno Local para a súa aprobación e se fiscaliza de conformidade o expediente.

Atendendo á actual situación de carencia dunha ordenanza municipal de subvencións, aínda en fase de tramitación, non dispoñendo de bases xerais de subvencións e tendo en conta a vontade do Goberno Municipal de fomentar a actividade educativa consonte ao planificado no vixente Plan Estratéxico Municipal, redactáronse unhas bases reguladoras con carácter específico para a presente convocatoria 2025, sen estender efectos fóra da mesma.

Considerando que esta alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local mediante resolución de alcaldía núm. 1423/2023, de data 19 de xullo, a autorización de gasto a partir de 12.000 €, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Convocar a liña de subvencións LS 5.3 do PES 2024-2026, denominada “Axudas para actividade anual das ANPAs”, con carácter específico para o ano 2025, en réxime de concorrencia competitiva e aprobar o gasto por importe de 25.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000 do Orzamento Municipal.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo a este acordo.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións».

Consta no expediente informe xurídico desfavorable do 2025-10-13 e a dilixencia transcrita no punto 3, común a todos os asuntos elevados de urxencia no tedec e logo na sesión por orde do alcalde ao tramitador, sen constar o anexo que di anexarse ao acordo.

Seguidamente procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5.
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

Documento electrónico firmado digitalmente del que se garantiza su integridad mediante su cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2025/G007/000021

CERTIFICACIÓN

Polo que queda aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Convocar a liña de subvencións LS 5.3 do PES 2024-2026, denominada “Axudas para actividade anual das ANPAs”, con carácter específico para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva e aprobar o gasto por importe de 25.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000 do Orzamento Municipal.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria, que figuran como Anexo a este acordo.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Base Nacional de Subvencións».

E para que conste e para os efectos oportunos expido esta certificación asinada dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 19 de novembro do 2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

Documento electrónico firmado digitalmente del que se garantiza su integridad mediante su cotejo en la Sede Electrónica de este Organismo con el Código de Verificación Digital (CVD) especificado al margen (artículo 42.b de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público).